



ACTA DO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O SEIS DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES

ALCALDESA: DONA MARIA LOUREIRO GARCIA, PSdG-PSOE

CONCELLEIROS:

D.JESÚS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL, PSdG-PSOE
DONA MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LOPEZ, PSdG-PSOE
DON JESÚS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, PSdG-PSOE
DONA LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ- NORIEGA, PSdG-PSOE
DON EMILIO VILLARMEA MENDEZ, PSdG-PSOE
DONA MARIA SOLEDAD REY YÁNEZ, PSdG-PSOE
DON CARLOS ALBERTO GUEIMUNDE CABALEIRO, PSdG-PSOE
DON ANTONIO JOSE BOUZA RODIL, P.P
DON CELESTINO VALENTIN GARCI PAZ P.P
DONA MARIA JESÚS VALE LOPEZ, P.P.
DON BELINDA BERMÚDEZ OTERO, P.P.
DON BERNARDO JOSE FRAGA GALDO, BNG
DON MANUEL GALDO DOPICO, BNG
DONA SARAY BLANCO CANOURA, BNG
DON MARCOS BESADA ALVAREZ, SON-VIVEIRO.

EXCUSA A SUA AUSENCIA

D.JAIME EDUARDO DE OLANO VELA, PP.

INTERVENTOR EN FUNCIONS. DON SERGIO AGUADO DELICADO

SECRETARIA ACCTAL: DONA FATIMA MOAR RIVERA

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día seis de abril de dous mil dezaseis, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno do Concello, previa convocatoria ao efecto, e en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, a Secretaria accidental.

Sendo a hora sinalada para este acto, pola Sra. Alcaldesa declárase aberto o mesmo.

“1º-APROBACION DE ACTAS DAS SESIONS. ORDINARIA DO 03-02-2016 e EXTRAORDINARIA do 10-03-2016.

Pola Sra. Alcaldesas Dona María Loureiro García, preguntase ós Sres. Concelleiros se teñen algunha rectificación ou aclaracións que facer ás actas da sesión ordinaria do 03-02-2016 e a Acta Extraordinaria do 10-03-2016.

Seguidamente aclara, que houbo un erro na Orde do día, onde no punto de “Aprobación das Actas”, faise mención á Acta do día 3 de marzo, sendo o correcto a Acta da sesión Extraordinaria do Pleno do 10 de marzo de 2016.



E non producíndose ninguna obxección ou puntualización, o Pleno Corporativo, por unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación a Acta ordinaria do 03-02-2016, así como modificado o erro onde di .”Acta do 02-03-2016, debe decir. “Acta do Pleno Extraordinario celebrado o 10-03-2016, polo que aclarado, o Pleno Corporativo, por unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación.

2º.-DACIONS DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDÍA.-

Pola Sra.Alcaldesa dase conta das Resolucions dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integra do Pleno.

Non se producen intervencións e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucions dictadas pola Alcaldía.

3º.-MODIFICACION DAS ORDENANZAS Nº 2, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS, INSTALACIONES E OBRAS; nº 5, REGULADORA DA TAXA DE LICENCIAS URBANÍSTICAS; e nº 6, REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DAS COMUNICACIONES PREVIAS, DECLARACIONES RESPONSABLES E NO OUTORGAMENTO DE LICENZAS ACTIVIDADE, APERTURA OU FUNCIONAMENTO.

O pasado mes de Decembro de 2015, por parte do equipo de Goberno do Concello de Viveiro e mailo grupo municipal do BNG, chogouse a un acordo co obxecto de establecer políticas que faciliten a recuperación económica e a creación de emprego, e que dinamicen a actividade comercial e industrial no noso Concello, por medio da rebaixa da carga impositiva para os vecinos e as veciñas de Viveiro.

Para levar a cabo estas modificacións, propónse o inicio dos expedientes de modificación das seguintes ordenanzas:

1.-MEDIDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE NO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN:
Redución do imposto sobre construción, instalación e obras (ICIO) do tipo 2,13% ou 1,50%.

2.- MEDIDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONOMICA NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE LANDROVE:
MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 5, artigo 7º EXENCIONS E BONIFICACIONES:

Inclusión Bonificación do 80% das licenzas de obra no polígono Industrial de Landrove, co fin de incentivar a instalación de novas empresas no noso Concello.

3.- MEDIDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE COMERCIAL NO CONCELLO DE VIVEIRO:

Redución dun 10% na tarifa tipo I das licenzas de apertura para todo tipo de novos establecementos comerciais no Concello de Viveiro, co fin de



incentivar a aertura de novos esta establecementos, sexa cal fora a súa actividade

Polo devandito e visto o informe da intervención municipal, esta Concellería de Economía e Facenda **PROPÓN:**

Aprobar provisionalmente polo Pleno, a modificacións das seguintes ordenanzas:

I. Ordenanza fiscal nº 2 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, quedando redactado o seu artigo 6º.1 do seguinte xeito: “A cota íntegra do imposto obterase de aplicar á base imponible ou tipo de gravame do 1,50%”.

IIº.- ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de actividade, apertura ou funcionamento, quedando redactado o seu artigo 4 en el apartado TARIFA I: NOVA IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADE E ESTABLECEMENTO do seguinte xeito:

“TARIFA I: NOVA IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADE E ESTABLECEMENTO

As cotas desta tarifa dependerán do procedemento que resulte de aplicación, así como da superficie do local ou establecemento.

A estes efectos se distinguirán entre:

A) Procedementos relativos a actividades sometidas a licenza ou autorización nos supostos de nova implantación ou legalización de actividades:

Ata 200 m2 útiles, devengará unha cota de270 €

De 201 m2 útiles a 500 m2 útiles, devengará unha cota de405 €

De 501 m2 útiles a 750 m2 útiles, devengará unha cota de540 €

De 751 m2 útiles a 1.000 m2 útiles, devengará unha cota de675 €

De máis de 1.001 m2 útiles a 2.000 m2 devengará unha cota de 810 €

De más de 2.000 m2 útiles, devengarán unha cota de1.800 €

B) Procedementos relativos a actividades sometidas ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa nos supostos de nova implantación ou legalización de actividades:

Ata 200 m2 útiles, devengará unha cota de 180 €

De 201 m2 útiles a 500 m2 útiles, devengará unha cota de 270€ €

De 501 m2 útiles a 750 m2 útiles, devengará unha cota de 60 €



De 751 m2 útiles a 1.000 m2 útiles, devengará unha cota de 450€

De máis de 1.001 m2 útiles a 2.000 m2, devengará unha cota de . 540€

De máis de 2.000 m2 útiles, devengará unha cota de 1.215€

III Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo adoptado e demais trámites que sexan de aplicación.

Viveiro, 29 de marzo de 2016. O Concelleiro de Economía e Facenda. Asdo: Jesús Fernández Fernández.”

Visto informe de Intervención, que transcrito literalmente di:

“Asunto: Modificacións das ordenanzas fiscais nº: 2 e 6.

Logo de ver inicio de expediente de modificación das ditas ordenanzas, inforem do técnico de servizos económicos, e borrador da proposta do Concelleiro de Economía e facenda, aque subscribe emite o seguinte informe:

I ANTECEDENTES

1º. Proponse a modificación da ordenanza fiscal nº 2 que regula o imposto de construción, instalación e obras para reducir o tipo de gravame do 2,13% ao 1,50%, artigo 6.1 da ordenanza fiscal, como medida de impulso dá actividade no sector dá construción.

2º. Proponse a modificación da ordenanza fiscal nº6 de licenzas de apertura de establecementos para engadir unha redución en cota do 10% na tarifa tipo I de apertura de establecementos comerciais no Concello, artigo 4 da ordenanza fiscal, como medida de impulso dá actividade comercial.

II LEXISLACION APLICABLE

A lexislación aplicable esta constituída fundamentalmente polo R.decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das fachendas locais, (en adiante TRLRFL), a lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local (en adiante LBRL) e a lei 5/97, de administración local de Galicia.

III INFORME

Vista a documentación que obra no expediente e en relación co punto 1 dos antecedentes do presente informe, tratase dunha redución do tipo de gravame do ICIO, neste senso, o artigo 102.3 do TRLRFL establece que o tipo de gravame do imposto será o fixado por cada concello, sen que dito tipo poda exceder do 4%, polo que a proposta de modificación informase favorablemente.

En relación a redución do punto 2 dos antecedentes, ponse de manifesto a insuficiencia de ingresos ou rendemento do custo do servizo, segundo inforem do técnico dos servizos económicos, e segundo o establecido nos artigos 24.2 do TRLRFL, “en general, (...) el importe de las tasas (...) no podrá exceder, en su conjunto, del coste real o previsible del servicio o actividad de que se trate o,



en su defecto, del valor de la prestación recibida”. “Para la determinación de dicho importe se tomarán en consideración los costes directos e indirectos, inclusive los de carácter financiero, amortización del inmovilizado y, en su caso, los necesarios para garantizar el mantenimiento y un desarrollo razonable del servicio o actividad por cuya prestación o realización se exige la tasa, todo ello con independencia del presupuesto u organismo que lo satisfaga.

O concello ten aprobado e en execución un Plan de Axuste por un importe total de 9.226.537,41 €, que supón unha importante carga financeira sendo unha limitación dá capacidade de prestar servizos ou acometer actuacións de novos investimentos.

A liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2015 cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, débeda pública e incumpre a regra de gasto, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC.

O período medio de pago do Concello de Viveiro do cuarto trimestre de 2015 é de 28,69 días, calculado segundo a metodoloxía do RD 635/2014, de 25 de xullo, e polo tanto non excede do período medio de pago.

Por todo o exposto, esta Intervención debe advertir das consecuencias económicas, financeiras e orzamentarias que a elevación da desviación entre gastos e ingresos implica sobre a estrutura orzamentaria municipal, e tendo en conta o informe de seguimento no cuarto trimestre de 2015 correspondente o plan de axuste de 29 de xaneiro de 2016, así como os posibles fallos de sentenzas pendentes, a que suscribe entende que non deben diminuír os ingresos municipais, agás que realmente impulsen a actividade do sector da construción e actividade comercial no concello de Viveiro que compense a modificación proposta.

IV ORGANO COMPETENE

En virtude do artigo 22.2.d) da LBRL, o órgano competente par a aprobación das ordenanzas é o Pleno da Corporación, por maioría simple dos membros presentes.

V PROCEDEMENTO

O procedemento para a adopción do acordo de modificacións das OF, réxese polo disposto no artigo 17 do TRLRFL en relación co artigo 70.2 da LBRL, segundo o cal, o acordo de aprobación provisional publicarase no BOP e exporase ó público no taboleiro de anuncios durante trinta días (hábeles) dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Además publicarase nun diario dos de maior difusión da provincia.

Finalizado o dito prazo, resolveranse as reclamacións e aprobarase definitivamente, e no suposto de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobada sin necesidade de novo acordo.

En todo caso, a aprobación definitiva ou a provisional elevada automaticamente a tal categoría, publicarase integramente no BOP, entrando en vigor a partires da dita publicación”.-Viveiro, 29 de marzo de 2016.A Interventora Municipal, Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

A do Tenente de Alcalde de Economía e Facenda, D.Jesús Fernández Fernández, de PSdG-PSOE, quén ven en aclarar ao Pleno que con respecto á modificación da ordenanza número 5, e



referente ó Polígono Industrial de Landrove, de conformidade co manifestado por Intervención, e según o estudo feito polo Técnico Económico, xa na Comisión Informativa de Economía celebrada o 1 de abril, procédese a retirada de esta sesión, xa que habería que buscar o enfoque nunha Lei que o ampare, polo que se acorda deixar pendente esta modificación.

Intervén D. Antonio José Bouza Rodil, como voceiro do grupo municipal do **PP**, e dí: “congratúlámonos pola mellora e votaremos a favor da proposta, xa o manifestamos en varias ocasións e no pleno, e xa tamén cando fomos partidarios da eliminación da Ordenanza sobre plusvalías, demostrando así que a filosofía dos membros do PP é que os vecinos paguen o xusto.

A continuación intervén D. Bernardo Fraga Galdo, como voceiro do **BNG**, manifestando que o seu grupo vai votar a favor das modificacións das ordenanzas fiscais, sendo froito do diálogo de varias forzas políticas desta Corporación municipal que fai chegar este “acordo” reclamando reducións impositivas aos vecinos e vías de diálogo de todos e todas neste mandato e poñerse a traballar.

Intervén D. Carlos Besada Alvarez, en representación de **Son-Viveiro**, e dí que se ratifica en todo o manifestado polo seu compañeiro Sr. Bernardo Fraga, aínda que tamén sabemos que hai moito que facer como explorar alternativas e examinar e buscar a maneira da posta en marcha do centro comarcal, incentivando aos sectores comerciais para que redunden en actividades de creación de emprego.

E non habendo máis intervencións, pola Sra. Alcaldesa Dona María Loureiro Garcia, tendo en conta o Dictame favorable da Comisión Informativa de Economía celebrada o día 1-04-2016,
sométese a votación a proposta de aprobación das modificacións das Ordenanzas Fiscais números 2, e 6.

O Pleno da Corporación, por UNANIMIDADE, con dezaseis votos a favor de tódolos membros que forman a Corporación presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO:

1.1.-A Aprobación Provisional da Modificación da Ordenanza Fiscal **nº 2**. Redución do imposto sobre construcións, instalación e obras (ICIO) do tipo 2,13% ó 1,50%, quedando redactado o artigo 6º co seguinte texto:” A cota íntegra do imposto obterase de aplicar á base imponible o tipo de gravamen do 1,50%.”

1.2.- A Aprobación Provisional da Modificación da Ordenanza Fiscal **nº 6**, según proposta da Concellería de Economía e Facenda.

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo adoptado e exporase ó público no taboleiro de anuncios durante trinta días (hábeles) e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo aos servizos de Intervención para a continuación da tramitación dos expedientes da súa razón.



4.-IMPOSICION E ORDENACIÓN DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VIA PUBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS ADOSADOS AOS EDIFICIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VIA PUBLICA (nº 45).

Pola Sra. Alcaldesa cédese a palabra o Tenente de Alcalde-Delegado de Economía e Facenda quen dí:

“No Pleno do Concello de Viveiro de data 7 de Outubro de 2015, entre outros tomouse o seguinte acordo: MOCION DE SON VIVEIRO PARA A IMPOSICIÓN DUNHA TAXA POLA INSTALACIÓN DE CAIXEIROS AUTOMÁTICOS NAS FACHADAS CON ACCESO DIRECTO DESDE A VIA PUBLICA, por D. Victor Marcial Miranda Gómez, , Concelleiro do grupo Municipal SON VIVEIRO, manifestando que o Tribunal Supremo deulles vía libre aos municipios para poder cobrar a Caxias e bancos pola utilización intensiva que os caixeiros automáticos fan dos espazos públicos, contrariamente ao defendido pola patronal das Caxias de aforros, a CECA. Por todo isto acordouse aprobar por unanimidad:

Primeiro: Elaborar e aprobar a ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalación de caixeiros automáticos nas fachadas dos inmobles con acceso directo desde a vía pública e que na mesma se fixe unha cuota de 3000 € anuais por cada caixeiro instalado

Que non se aplique ningunha exención.

Que a súa elaboración e posterior aprobación teña carácter urxente para, así, aplicar dita taxa no vindeiro exercicio.

Por todo o anterior dito, dende a Concelleir de Economía e Facenda, propónse a:

“IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VIA PUBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS ADOSADOS OS EDIFICIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VIA PUBLICA

ORDENANZA FISCAL NUM.45

ARTIGO 1º. NATURALEZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/ 1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das fachendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 57 e 20.3 do citado Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das fachendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPONIBLE

Son obxecto desta ordenanza os aproveitamentos da vía pública e terreos de dominio público con caixeiros automáticos e demais de que se serven as entidades financieras para prestar os seus servizos, en caso de goce de espazos sen pechar, abertos ó uso público.

A Ordenanza non será de aplicación ós casos de caixeiros sitas en espazos delimitados por elementos permanentes de peche.



ARTIGO 3º. OBRIGADOS O PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie, personalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito imponible e en calquera caso, a entidade financeira titular do caixeiro automático.

ARTIGO 4. TARIFAS.

A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será:

Por unidade de caixeiro automático ó ano: 3.000,00 Euros

ARTIGO 5º. OBRIGACION DE PAGAMENTO

A obrigación de pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza nace no momento de obter a preceptiva licenza ou ó comezar o aproveitamento especial, coa instalación do correspondente caixeiro.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTION

1. Para gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas da vía pública, as persoas interesadas deberán solicitar a oportuna licenza.
En todo caso estes aproveitamentos axustaranse segundo o disposto no Regulamento de bens das entidades locais aprobado polo Real decreto 1372/86.
2. O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin, os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel no que se retire a instalación. As declaracións de baixa dos aproveitamentos prorrogados ou continuados producirán efectos no ano seguinte a aquel en que fosen formuladas.

ARTIGO 7º. PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. O período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese do aproveitamento especial, en cuxo caso, o período impositivo se axustará a esta circunstancia co conseguinte prorrateo da cota, calculándose as tarifas proporcionalmente ó número de trimestres naturais que resten para finalizar oa no, incluído o do comezo do aproveitamento especial.

Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento do aproveitamento, as tarifas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cesamento. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se houbera producido o aproveitamento citado.

2. O concello procederá a xirar anualmente a liquidación tributaria que corresponda. O pagamento da Taxa se realizará nas entidades bancarias que establecece o Concello.



DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das fachendas locais, e demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Viveiro 29 de marzo de 2016.- O Concelleiro de Economía e Facenda. Asdo: Jesús Fernández Fernández.”

Visto o Informe da Interventora, Dona Rosa Abelleira Fernández, que copiado literalmente di:

“Asunto: Imposición e ordenación da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos adosados ós edificios e con acceso directo dende a vía pública.

Logo de ver a moción do pleno do 7 de outubro de 2015, o informe do técnico dos servizos económicos e a proposta do Concelleiro de Economía e Facenda, a que suscribe emite o seguinte informe:

I LEXISLACION APLICABLE

A lexislación aplicable esta constituída fundamentalmente polo R.decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facentas locais, (en adiante TRLRFL), a lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local (en adiante LBRL) e a lei 5/97, de administración local de Galicia.

II INFORME

Segundo o establecido nos artigos 24.1 do TRLRFL, “ O importe das taxas previstas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local fixarase de acordo caos seguintes regras:

Con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tivera no mercado a utilidade derivada da dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público. A tal fin, as ordenanzas fiscais poderán sinalar en cada caso, atendendo á natureza específica da utilización privativa ou de aproveitamento especial de que se trate, os criterios e parámetros que permitan definir o valor de mercado da utilidade derivada”.

O artigo 25 do TRLRFL establece para os acordos de establecementos de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público,...deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado....Dito informe se incorporará ao expediente para a adopción do correspondente acordo.

A tarifa proposta no artigo 4, aprobada na moción, parece excesiva a vista do informe do técnico de servizos económicos, informando favorablemente o resto da ordenanza fiscal.

III ORGANO COMPETENTE

En virtude do artigo 22.2.d) da LBRL, o órgano competente para a aprobación das ordenanzas é o Pleno da Corporación, por maioría simple dos membros presentes.

IV PROCEDIMENTO



O procedemento para a adopción de acordo demodificacións das OF, réxese polo disposto no artigo 17 do TRLRFL en relación co artigo 70.2 da LBRL, segundo o cal, o acordo de aprobación provisional publicarase no BOP e exporase ó público no taboleiro de anuncios durante trinta días (hábeis) dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Ademais publicarase nun diario dos de maior difusión da provincia.

Finalizado o dito prazo, resolveranse as reclamacións e aprobarase definitivamente, e no suposto de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobada sen necesidade de novo acordo.

En todo caso, a aprobación definitiva ou a provisional elevada automaticamente a tal categoría, publicarase integramente no BOP, entrando en vigor a partir da dita publicación.-Viveiro, 30 de marzo de 2016. A Interventora Municipal, Rosa Abelleira Fernández.”

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

A de D. Antonio José Bouza Rodil, como voceiro do PP, e ven en manifestar que xa se pronunciou a favor na Comisión Informativa de Economía, pero non deixa de recoñecer que é unha cuantía elevada en comparación con outros concellos, por exemplo en Ribadeo onde a cuota é de 500 €; e dí: “ tamén estamos máis de acordo no plantexamento que se fai no estudo económico do Técnico aínda que non é vinculante, e nas calles de Viveiro serían uns 400 € por caixeiro. Pero xa co dito no acordo plenario onde se aprobou a moción e co dito na Comisión de Economía e coa tranquilidade que me aportou o Sr. Besada de Son Viveiro, que presentou esta moción, que non tería ningún problema en sentarse para falar de modificar esta Ordenanza si hai que baixala... polo que nós vamos votar a favor.

A de D. Bernardo José Fraga Galdo, como voceiro do BNG, quén dí que eles van votar a favor, e que noutros concellos xa se está levando a cabo esta Ordenanza fai tempo como é no concello de Ribadeo, e estamos a favor en tódolos impostos que se lles imponían e favorezan ao capital e a --

esta banca que nos goberna hoxe en día; por unha parte os intereses que lle pagamos aos bancos, non só o concello de Viveiro polos créditos contraídos senon tódolos vecinos e veciñas de Viveiro que están a pagar altos intereses polos créditos hipotecarios...., e estamos de acordo coa cantidade anual fixada por caixeiro.

A de D. Marcos Besada Alvarez, de Son Viveiro, quén manifesta que como apuntaba o Sr. Bouza, nós sentaremos a revisar a ordenanza dos caixeiros no caso de que haxa a que baixala, baixa sempre e cando a débeda do concello ía baixando.... Estamos contentos de que esta ordenanza saía adiante, e por todo isto, e por qué a banca tan mal o fixo..., tratando a xenté maior con enganos e negándolles este servizo, como xa se dixo na Comisión informativa. Nós entendemos que se poderá rebaixar, pero nunca quitala...

Seguidamente toma a palabra a Sra. Alcaldesa, Dona Maria Loureiro García para facer fincapé no dito polo concelleiro de facenda Sr. Fernández que, esta Ordenanza aprobarase provisionalmente, e estará sometida a exposición pública a efectos de examen e reclamacións polo prazo de trinta días hábeis.

polo concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández dícese que conste en acta., “ que esta Ordenanza vai afectar só a nove (9) caixeiros que están na vía pública e van a ser ós que se lles



vai gravar este imposto.. xa que o restos dos caixeiros non están ocupando vía pública senon dentro das entidades bancarias.

Non existindo máis debate, pola Señora Alcaldesa sométese a votación a proposta da Concellería de Economía e Facenda, e o Pleno Corporativo, por unanimidade de todos os membros presentes da Corporación, con dezaseis votos a favor, **ACORDA:**

1º.- Aprobar provisionalmente, a ORDENANZA nº 45 de IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VIA PUBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS ADOSADOS OS EDIFICIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VIA PUBLICA .

2º.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo adoptado.

3º.- Dar traslado deste acordo os servizos económicos e de Intervencións para a tramitación do expediente da súa razón.

Seguidamente, e cando son as vinteunha horas e dez minutos polo Sr. Interventor en Funcións D. Sergio Aguado Delicado e, previo o permiso correspondente da Sra. Alcaldesa-Presidenta proce a ausentarse da sesión.

5.-MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO PARA A COLOCACIÓN DE BARREIRAS BIONDA NA VARIANTE DE VIVEIRO.

“ Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio José Bouza Rodil, que procede á lectura da moción, que literalmente dí: “

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PP de Viveiro lévase interesado pola seguridade vial en innumerables ocasións, tal e como demostra o feito de que presentáramos unha moción en outubro de 2014 – que foi aprobada por unanimidade – relativa ó estudio e mellora da mesma. Como consecuencia desta moción propúxose elaborar un informe da Policía Local ó respecto, crear unha comisión que estudiara este tema e consultar coa COTOP posibles solucións. O noso grupo volveu a demandar o cumprimento deste acordo a través dun rogo no pleno de maio de 2015 e reiterouno a través dunhas preguntas no pasado pleno de xaneiro de 2016.

O certo é que a día de hoxe nada se ten feito, a pesares de que todos podemos comprobar determinadas zonas do noso concello donde existen riscos potenciais considerables. Un destes lugares é sin dúbida a variante de Viveiro, onde teñen acontecido algunhas saídas de vía – a máis recente do 22 de novembro de 2015 -, onde afortunadamente só tivemos que lamentar perdas materiais – de feito as balastradas derribadas seguen sin colocar -. O feito de que o tramo por onde discurre o paseo para os peóns, este nalgúns puntos, nun plano inferior ó da estrada, propicia que o perigo sexa máis que evidente como consecuencia de que os turismos se precipitan ó mencionado paseo. Neste sentido son motos os veciños que habitualmente pasean por esta zona os que teñen trasladado a súa preocupación ante este feito.



Postos en contacto con responsables da COTOP, estes nos confirmaron que técnicamente se poderían atopar medidas de protección nos puntos máis conflictivos da variante – principalmente nas zonas onde o paseo discurre nun plano inferior ó da estrada –. Dende o grupo Popular pensamos que sería axeitado para garantir a seguridade de peóns e conductores e colocación nestes puntos de barreiras bionda.

Por este motivo propono ó pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

1 – Instar á Sra. Alcaldesa para que solicite á COTOP a colocación destas barreiras bionda, naqueles puntos da variante de Viveiro nos que así o determinen os técnicos deste organismo.”

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

Pola Sra. Alcaldesa cédesse a palabra ao **1er. Tenente de Alcalde D. Jesús Fernández Cal, do PSdG-PSOE**, quen da comenzo a súa intervención saudando a todos/das e dí: “ Ao noso Grupo de Goberno tamén nos preocupa a seguridade vial dos veciños e non só aos membros do Partido Popular. A seguridade vial ten que ser unha preocupación pero non unha obsesión.. Tamén estamos convencidos que ésta(a seguridade vial) non se consegue a base de obras e biondas, mentras non exista unha conciencia vial, circular a velocidades esaxeradas polo concello... convirte calquera zona do Concello no que vostede chama “ de risco considerable” ou risco vial. ¿Temos pensado cubrir todo o Concello de Barreiras protectoras?....

Nos anos que leva aberta a variante só temos un caso que sucedeu o 22 de novembro do 2015, no que o turismo se precipitou a nivel inferior onde se atopa o paseo. Cando este turismo impactou contra a balaustrada..o conta kilómetros parouse nos cento vinte kilómetros por hora. O certo demostra ás claras o que atenta contra a seguridade vial... Por certo, a balaustrada xa está posta.-Nos últimos meses tanto a policía local como a garda civil de tráfico están incidindo na prevención da velocidade. Nós, en calquera caso, non vamos a poñer atrancos a esta moción.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, Don Bernardo Fraga Galdo, para dicir: “que dicía o Sr. Cal que a veces a seguridade vial se convirte nunha obsesión e digo que tamén asuntos que se presentan aquí se convirten en obsersivos... e xa falando do tema: A cuestión da “variante de Viveiro” este problema é técnico xa que non temos variantes exteriores e todo o tráfico, todo segue pasando pola variante interior-chamámolle así. Polo tanto, seguimos ano tras ano esperando que a Xunta de Galicia nos faiga esta inversión da variante de Viveiro. Mentras tanto temos que contentarnos co que temos e, entendemos, que esta variante e unha vía urbana que ten medidas de seguridade. Pediríamos que, antes de aprobar esta moción, se faiga un estudo, por parte da policía local ou da Xunta de Galicia, ou se solicite un estudo ós técnicos antes da colocación de barreiras biondas na variante de Viveiro, xa que os que estamos aquí non somos técnicos en estradas nin inxeñeiros en camiños, canles e portos como para saber que tipo de seguridade e a idónea. Como ben dice o Sr. Cal, con un único accidente por exceso de velocidade que se vai fora da carretera para o paseo..., para ter seguridade, entón teríamos que pechar todas as estradas de todo o mundo e enchelas de biondas para evitar que os coches saian da carretera. Entendemos que e preferible facer primeiro un estudo, e veño en pedir aos compañeiros do Partido Popular que cambien a moción por facer un estudo primeiramente ou solicitar que se faiga por expertos.



Intervén en representación de Son Viveiro, D. Marcos Besada Alvarez, e ven en dicir que considera as palabras do compañeiro do BNG, Sr. Bernardo Fraga e nós tamén pedimos ao Partido Popular que se poida acompañar dun informe técnico e que se teña en conta o medio paisaxístico e o impacto ambiental que suporía instalar esas barreiras.

Seguidamente, pola Sra. Alcaldesa dase un segundo turno de intervencións, sendo as seguintes:

intervén en representación do Partido Popular **D. Antonio José Bouza Rodil**, quen dí que esta moción preséntase pola inquietude dos veciños e veciñas que o solicitaron o seu Grupo e nós non sabemos si é unha obsesión pero si que é unha necesidade. Revise o Sr. Cal as hemerotecas xa que hai máis dunha saída ao paseo marítimo. Continúa e dí, Nós estamos preocupados por este tema como están moitos vecinos e eferente á balaustrada, como dixeran, conviña colocala, non está colocada, esta presentada nada máis. Referente o de solicitar un estudo, xa o digo na moción e estou de acordo

de que sexan os técnicos da COTOP os que determinen a necesidade de colocalas e que sexan os propios técnicos de carreteras que determinen os puntos onde deban ir, si é que se deben colocarse; pois solicito instar ao Organismo para que se faga pola COTOP. Non digo que o faga a Policía Local, digo que o faga o Organismo.

Seguidamente intervén **D. Jesús Fernández Cal**, Tenete de Alcalde do PSdG-PSOE, para apuntar que, examinada a hemeroteca, si ten coñecemento de que hai decenas de coches, que invadiron as aceras e tiraron farolas, pero nese punto, en concreto, que se vaian fora para o paseo, non teño coñecemento. Continúa e dí que nestes casos o tema é que nas aceras habería que colocar biondas en todas as aceras do concello porque os coches suben por encima das aceras. Ao final da variante-cerca dos semáforos-non sei cantos coches foron contra a balaustrada que está ao mesmo nivel da carretera. Quero dicir que, ao marxen da estética, e non digo que si existe un punto conflictivo non se poñan as biondas e en xeral son máis para protexer ós vehículos e non aos peóns. Nós estamos de acordo como cos restos dos Grupos, que si o podemos estudar sería ben, senon tampouco vou poñer ningún atranco á moción..non vai ser que mañá poida pasar algo...

intervén **Don Bernardo Fraga Galdo**, voceiro do BNG e ven en facer fincapé en que se podería facer un estudo da instalación de barreiras biondas.

Pido que se faga un estudo antes de que se coloquen barreiras biondas e que se diga que medidas de seguridade serían idóneas, deste xeito e si o compañeiro do PP admite a modificación, o noso Grupo votaría a favor da moción, do contrario, nós vámonos abster.

Polo representante do P.P., **D. Antonio José Bouza Rodil** dícese que está conforme a que se faga un estudo por parte da COTOP .

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación acordándose, por unanimidade, a aprobación da moción presentada polo Grupo Municipal do P.P. no senso seguinte:



1. Que pola Alcaldía se solicite á COTOP que se faga un estudo que determine a colocación de barreiras bionda, naqueles puntos da variante de Viveiro nos que así o determinen os técnicos deste organismo.

“6.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO PARA A RENOVACIÓN DA REDE XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA – TRAMO DEPURADORA DE LANDROVE ATA A PONTE DO TREN EN XUNQUEIRA.”

“Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio José Bouza Rodil, que procede á lectura da moción, que literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 29 de marzo aprobábase o Orzamento da Diputación de Lugo para o ano 2016, podendo comprobar como Concellos veciños coma O Vicedo, Xove, Cervo, Foz, Barreiros, Ribadeo ou Mondoñedo, recibían cuantiosas achegas nominativas para a realización de distintos proxectos.

A nosa sorpresa era mayúscula ó comprobar como non aparecía nada nominal para o Concello de Viveiro, a pesares das innumerables necesidades que temos e de que a Sra. Alcaldesa é Diputada Provincial e responsable dunha area de goberno, o que nos leva a pensar que non pediu nada para o noso Concello ou que lle dan igual os problema dos veciños.

Son moitas as necesidades do noso Concello, pero por tratarse dun servizo básico e que non esixe máis demora debido ao gran número de roturas e perxuicios que orixina, cremos que é necesaria e inmediata a renovación de rede xeral de abastecemento dende Landrove ata a ponte do tren en Xunqueira. Esta canalización que discurre dende o barrio de Xunqueira ata a ponte de Landrove ó longo da estrada LU540 – aproximadamente uns 2,5 km. – é unha canalización moi antiga, con máis de trinta anos e as tuberías son de fibrocemento. Da servizo a uns 2000 habitantes empadroados nestes barrios, si ben nos meses de verán poden incrementarse nun 30/40%. Nos últimos anos rompeu con moita frecuencia en distintos puntos deste tramo, ocasionando como xa dixemos innumerables problemas e perxuicios ós usuarios desta zona – veciños, hostaleiros, industriais...-, que se ven privados dun servizo básico e de primeira necesidade como é o do suministro de auga durante moitas horas e nalgúns casos durante días.

Dende o PP de Viveiro somos moi conscientes das moitas necesidades que ten o noso Concello e xa que non o fixo a Sra. Alcaldesa imolo facer nós, pedirlle a Diputación Provincial de Lugo que con cargo a aplicación orzamentaria 9430.762 trasnferencias a outras entidades locais – onde aparecen 2.400.000 euros -, se acometa a renovación de rede xeral de abastecemento dende Landrove ata a ponte do tren en Xunqueira.

Por este motivo propoño ó pleno da Corporación a aprobación do seguinte ACORDO:

Instar á Diputación Provincial de Lugo que acometa a realización da obra de renovación da rede xeral de abastecemento de auga no tramo comprendido entre a depuradora de Landrove e a Ponte do tren en Xunqueira.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que sinte moito que se acabe este tono distendido desta sesión do pleno, pero non me queda outra que contestarlle a vostede o seguinte: “ paréceme unha desfachatez que, por parte do Partido Popular de Viveiro, dígase que á Alcaldesa non lle interesan



os vecinos e veciñas de Viveiro tendo en conta, que se acaba de inaugurar unha rúa, a Avenida de Cervantes, que é unha obra de 400.000 €uros pagada integramente pola Deputación de Lugo.

Vostede, ben sabe, que aínda que nos presupostos da Deputación non vaia nominativo Viveiro, si, que ten, e hai aportacións para o Concello de Viveiro. Esa e a mesma explicación que deu o Partido Popular cando se faloron dos presupostos elaborados pola Xunta de Galicia, pero hai unha diferenza, que é que a Xunta de Galicia non aporta nada para o Concello de Viveiro e a Deputación de Lugo si. A Deputación de Lugo para máis datos, xa ten invertido cerca de dez millóns de Euros en obras solamente. Sin olivdar as actividades deportivas, culturais, o parque de bombeiros.

E unha desfachatez que o Partido Popular faí uns meses, cando Elena Candia estivo de Presidenta da Deputación de Lugo, moi pouco tempo, afortunadamente, pero na última Comisión de Goberno aprobou cinco millón de Euros en obras para os Concellos da provincia de Lugo. A maioría afines ao Partido Popular como: Cervo, Foz, Xove, concellos que, afortunadamente teñen superavit. Ahí o voceiro do Partido Popular non se preocupou nin por Viveiro nin pola tubería de Xunqueira...preocupase neste intre que está gobernando o Partido Socialista, pero da mesma maneira que se preocupan que arranxen a tubería; da mesma maneira, deberán vostedes instar á Xunta de Galicia para que tiren, dunha vez, a segunda fase dos galpóns do muelle. Da mesma maneira, deberán vostedes instar á Xunta para que reparen tamén a segunda fase da EDAR prometida en campaña electoral fai sete anos.

Que arranxen tamén a emisión do emisario principal para que, con perdón, non saia a merda do Porto de Celeiro. Tanto que se congratula, loxicamente, dos intereses dos vecinos e veciñas de Viveiro e que están por enriba de calquer interese partidista, dicir que este Goberno e a Alcaldesa foi elexida polos veciños e veciñas de Viveiro, non polo partido.

Dicir tamén, cando a Xunta de Galicia ningunea a este Goberno municipal e tamén ós compañeiros do BNG e do SON Viveiro, cando fan isto, vostede non sale a defender aos que representamos ós vecinos de Viveiro. Cando veu a Directora de Conservación do Medio Ambiente ó Souto da Retorta estaban vostedes..., e a nosoutros no nos chamaron, e non se dixo. Cando veu o Conselleiro de Educación ó Instituto, digan o que digan, non é forma de convocar a un Goberno municipal por correo electrónico que nin siquera existía xa.

Cando vamos á Xunta de Galicia a falar co Secretario de Educación para o tema do Conservatorio, somos recibidos por outras persoas..., e iso tamén é un desprecio para un Goberno municipal de Viveiro. Cando vamos a Portos e quedamos co encargado de Portos, recíbenos un técnico..., e iso é un desprecio para un Goberno municipal que representa ós veciños e veciñas de Viveiro. Temos que ser coherentes, e volvendo ao tema da moción, eu sempre reivindicuei que as Administracións contribúan para paliar as necesidades, nesta época de recortes, neste caso ó Concello de Viveiro con dificultades, e reivindicuei totalmente o apoio das Administracións. Sabemos que concellos con dificultades levan millóns de euros para as instalacións e arranxos das traídas de augas. Haberá só uns días publicouse nunha nota de prensa onde o alcalde de Ribadeo solicitaba colaboración á Xunta de Galicia, a Augas de Galicia- Consellería de Medio Ambiente, para solventar os problemas que os concellos arrastran coa canalización da auga, pero parece que ó Partido Popular non lle debe preocupar este tipo de obras.

Continúa dicindo, na actualidade, evidentemente, é un tema que nos preocupa, xa que nesta época se teña que sufrir este tipo de anomalías, loxicamente, preocupáanos moito, pero na canalización



xeral que vostede alude os que se quedan sin suministro de auga son os que viven despois da curva de Xunqueira e non da Ponte.

A seguir indica, na actualidade o Goberno municipal despois dun estudio de número de afectados, non os que vostede apunta, vai instalar unhas válvulas e son actuacións inmediatas. A valoración total da tubería, no noso proxecto ou presuposto ascende a uns 720.983 euros con IVA incluído, e vese unha diferenza entre vostedes e nós. Pero si que é unha obra que nos preocupa e que temos que buscar financiación.

O Partido Socialista presenta unha enmienda a esta Moción, e dí: “ Instar á Deputación Provincial e á Xunta de Galicia a partes iguais para que acometa a realización da obra de renovación da rede xeral de abastecemento de auga no tramo comprendido entre a depuradora de Landrove e a Ponte do tren en Xunqueira

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D.Bernardo Fraga Galdo para dicir que non sei si é necesario tanta belixerancia e tanto recordo, pero nós, vamos a votar a favor da moción coa enmienda si se acepta, porque entendemos que a Xunta de Galicia tamén se ten que implicar algo, pois como dí a Alcaldesa, cando lle interesa axilizar algo ao Partido Popular de Viveiro, pois vemos que a Xunta accede... Polo que deberían vostedes utilizala no só para os intereses do seu Grupo senon para os intereses e para as necesidades de tódolos veciños e veciñas de Viveiro.

O problema que temos coa Rede de abastecemento de auga tamén ten unha incursión no noso Concello cando no ano 2008 o Partido Socialista lle regala a concesión á Empresa Aquagest ata o ano 2032. Baixo o noso punto de vista, un regalo. Actualmente temos zonas que non se da reparado a auga e poñemos un exemplo moi clao, que debeu de romper máis de vinte veces en Celeiro no Rego da fonte. Nestes casos, e si non houbera esta condena ata o ano 2032, poderíase solucionar doutra maneira sen ter que vir sempre as Administracións a solucionar os problemas. Neste caso o importe é moi elevado, habería que analizar totalas necesidades e facer por tramos, xa que si lles solicitas un millón de euros ás Administracións darán marcha atráis. Si se acepta a enmienda vamos votar a favor.

Intervén a Sra.Alcaldesa para dicir, que primeiro se vota a moción, e despois se vota a enmienda aparte.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, D. Marcos Besada Alvarez, para dicir que este tramo de tubería, nos poucos anos que leva vivindo en Viveiro, fai uns sete anos, sempre lembra que rompe a tubería adentrada ao Concello de Viveiro, sempre, cando sucede, estamos sobrepoblados poque temos a totala xente que veranea en Viveiro e no seu termo municipal, e produce este tipo de enchentes no caudal que fai reventar estas tuberías. Estamos tamén cansos de ver na prensa os cortes e os partidos políticos que dependen das Deputacións, sempre se esteñan xugando a cara ou cruz, a ver quen é a administración que arranxa...Consideramos que temos que ter potestades sobre os nosos veciños e as suas instalacións, digo de tódolos vecinos de totalas parroquia que dependen do Concello de Viveiro.Ademáis, desde fai anos, os Partidos políticos que pasaron pola Deputación provincial sempre teñen na cabeza o mesmo tema, o turismo....Estas instalacións da auga tamén afectan ó turismo.



Temos en conta que hai partidas de axuda na Deputación pero tamén queremos que a Xunta de Galicia, neste senso, se molle. Esa é a nosa opinión e esa é a nosa postura con respecto a esta moción do Partido Popular. Consideramos que debe de ampliarse e facer unha rede de suministro de auga en condicións que asegure a traida de augas a todos os veciños e veciñas de Viveiro

Intervén o representante do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio José Bouza Rodil, para dicir que respecto a pedir cousas á Xunta de Galicia, parécelle ben, xa que vostede é a Alcaldesa e podería dirixirse á Xunta de Galicia cando quixera e non no fixo ningunha vez. O único certo é que nin o pideu na Xunta de Galicia nin no pideu na Deputación, e agora ven con esta enmenda á sesión do pleno. Se vostede quere traer unha moción ao Pleno, pois adiante, pero hoxe toca falar da moción que traemos os membros do P:P, e que é unha realidade dos veciños e veciñas que viven nesa zona de Xunqueira e que veñen a sufrir un día sí e outro tamén as roturas da traida de augas. Nun Pleno tense dito que a traida de augas costaba un millo de euros e agora vemos que costa trescentas mil euros menos e que o Concello non ten fondos propios para arranxar este servizo e que habería que recorrer a outras Administracións... Pois ben, aquí ten a primeira oportunidade xa que hai consignados 2.400.000 euros, que a Deputación non ten asignados nomes nin apelidos. Podemos poñernos os primeiros na fila para ser os primeiros en solicitalos e parte dese diñeiro que veña para Viveiro e así se poida executar esta obra tan necesaria. Pense que hai partida económica e ten vostede, asegurados, os doce votos dos membros do Partido Popular, que apoiarían a súa proposta e con un voto de vostede acadaría trece votos. Engade que son suficientes votos si vostede ten a vontade de levar este tema á Deputación para que vaía adiante.

Repito é unha oportunidade única para solucionar os problemas da traida de augas dunha vez para sempre. Continúa dicindo.. Nós non estamos a pedir para o PP senon para os veciños que non poden estar con esta inseguridade de cando volverá a romper e quedarse sin auga. Estes veciños que pagan os recibos e que non se lles desconta cando non teñen suministro..., situación demencial no século vinteún. Repito que é unha oportunidade única e pido que apoie esta Moción que é o primeiro paso para dar solucións a esta traida e estamos dispostos a ceder a nosa memoria e o noso proxecto para que o compare e presente, caso que se aprobe, mañá mesmo. Digo que ten moitas novias ese remanten do que estou a falar, que non está comprometido e os veciños e veciñas de Viveiro ben se merecen este servizo da rede de auga.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que sí sabe que é unha necesidade urxente a renovación da rede de augas de Viveiro., que pensamos arranxar esa tubería e temos un proxecto realizado.. aínda que neste intre presentamos unha enmenda á moción e vamos votar primeiro a moción e despois a enmenda, si sale a moción aprobarase coa enmenda.

Intervén o representante do P.P., D. José Antonio Bouza Rodil para dicir que él é o que propón a moción e é quen ten que decidir si acepta ou non as enmendadas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para facer fincapé en que se vote a moción e despois se vote aparte a enmenda, (diso sabe moito a súa compañeira da Deputación Elena Candia) polo que si se aproba a moción irá coa enmenda da proposta nosa de instar á Deputación e á Xunta de Galicia.... e digo que xa estiven asesorada de que se pode facer así. Que a parte de votar a moción tense que votar a enmenda si ou si, e ven sendo habitual..., que se vote a moción e a enmenda.

Intervén o representante do P.P. para pedir “un receso” e falar cos compañeiros de si admiten a enmenda á moción. Asentindo pola Sra. Alcaldesa.



Seguidamente, polo representante do P.P., D. José Antonio Bouza Rodil dícese que se acepta a enmenda na moción presentada.

Non existino máis debate, procédese á votación da moción presentada polo P.P., arroxando o seguinte resultado: con oito votos a favor, correspondentes aos grupos: P.P (4), BNG (3), (1).Son-Viveiro.

Abstencións. PSOE. (oito)

Votos en contra:ningún.

Seguidamente sométese a votación a enmenda presentada á moción do Partido Popular polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE. Votos a favor: por unanimidade de todos os grupos. (16) votos.

Polo que o Pleno corporativo acorda: **APROBAR** a Moción do P.P. coa enmenda presentada polo Partido Socialista de Galicia, do seguinte xeito:

“Instar á Diputación Provincial de Lugo e á Xunta de Galicia para que acometan a realización da obra de renovación da rede xeral de abastecemento de auga no tramo comprendido entre a depuradora de Landrove e a Ponte do tren en Xunqueira.”

7.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO PARA A ELABORACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VIAIS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS FORESTAIS E SIMILARES.

Intervén en representación do Grupo Municipal Son Viveiro, D. Marcos Besada Alvarezl, que procede á lectura da moción, que literalmente di:

“Distintos concellos teñen regulado xa esta situación aprobando ordenanzas que favorecen a protección de viais rústicos de dominio público local en relación coas operacións forestais e similares.

O Concello de Viveiro, con motivo das sacas de madeira, sofre periódicamente danos e desperfectos nos seus viais que impiden a súa utilización en boas condicións por parte do resto dos usuarios e usuarias; aínda non conta cun censo actualizado dos viais rústicos, tanto asfaltados coma sen asfaltar e carece ademais dunha regulación que posibilite e identificación da persoa causante dos danos ocasionados por estas actividades evitando que sexan as administracións públicas as que frecuentemente teñan que afrontar o custo do arranxo dos mesmos.

A regulamentación, por medio da presente ordenanza, das operacións de saca de madeira fundaméntase no uso das competencias que lle atribúen ao Concello os artigos 25.2 d) e 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; os artigos 6, 80.2 d) e 286 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración Local de Galicia; e os artigos 74 e seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Coporacións Locais.

Co fin de protexer e conservar as pistas forestais dentro do termo municipal de Viveiro, o Grupo Municipal de SON VIVEIRO a petición dos veciños e veciñas, exerce esta iniciativa para a



adoptación de medidas, para o cal ofrecémonos como colaboradores, e somete á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes ACORDOS:

1. Creación dunha Comisión de Estudio para elaborar co asesoramento técnico necesario o texto de Anteproxecto da Ordenanza reguladora da protección dos camiños e viais municipais en relación coas operacións forestais e similares.
2. Darlle publicidade a este acordo co fin de facilitar reclamacións e suxerencias a través da participación dos distintos colectivos relacionados co sector na elaboración da Ordenanza.
3. Someter ao Pleno para a súa aprobación inicial o Anteproxecto da Ordenanza.”

Pola Sra. Alcaldesa cédesse a palabra ao Tenente de Alcalde D. Jesús Fernández Cal, concelleiro de Medio Rural e representante do Grupo de Goberno PSdG-PSOE, quen ven en dicir que nestes anos de crise profunda a venda de eucalipto no concello de Viveiro e importante e por esta razón, dende o concello, respondeuse puntualmente e con prontitude, e incluso deixando de atender traballos en vista da gran cantidade de madeir vendida e en condicións climáticas moi adversas para as pistas municipais. Desexamos aclarar que:” O Concello de Viveiro dispón dunha normativa aprobada na época en que gobernaba o Partido Popular e que nunca chegou a aplicarse....Esta normativa grava unha cantidade por tonelada de madeira extraída e ademáis obriga ao empresario a reparar os danos causados nas pistas municipais.

Continúa dicindo que, o redor do ano 2008 obrigouse ós maderistas a depositar uns avais no concello. Poucos meses despois, a Asociación Provincial de maderistas solicitou unha reunión cos concelleiros de aquel momento, de medio rural e de todos, naquela reunión e ante o compromiso da Asociación de Maderistas firmouse un convenio de facerse responsable dos desperfectos. A resposta de aquel convenio asignada por todos, non foi a esperada polo goberno local. A día de hoxe, os maderistas teñen a obriga de cubrir no concello unha solicitude de corta onde se comprometen, entre outras cuestións, a reparar os danos que faigan nas pistas municipais.

Continua dicindo., Quero deixar constancia de que este equipo de goberno nos últimos dez anos, dedicou decenas e decenas de horas en facer un seguimento das cortas realizadas no concello. Estan pendentes de reparación a cargo dos maderistas: as pistas da Torre, en San Pedro; Barbeito, A Carreira, o Xuncal, e en Vieiro entre outras...Desexo resaltar que si hai unha normativa imprescindible, non é menos, o dispoñer de persoal municipal para facer un seguimento sobre o tema. O maior problema con que nos estamos atopando e que, unha parte de maderistas non avisan da corta que van a facer e carecemos de persoal que visile. O noso grupo vai votar afirmativamente a esta Moción de Son Viveiro.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D., Celestino Valentín García Paz, quen da comenzo a súa intervención saudando a todos e todas e dí: “ que quer agradecer a megafonía, e quería dicir que o noso concello ten dúas riquezas importantes; unha é a pesca, e outra é a masa forestal. E despois da exposición do Teniente de Alcalde Jesús Cal, en algunhas cousas estou de acordo e en outras non. Nótase lagunas na organización do corte da madeira no Concello de Viveiro e o que se trata é de contribuir e arranxar as pistas rurais do Concello.



Continúa dicindo, que todos sabemos que esas pistas rurais son pistas que non son nin para 25t. nin para 40 toneladas. En condicións, coa carga serían unhas 25, pero cando se achegan ao concello, e fan a solicitude e din que van facer unha tala de madeira, todo moi ben, vamos a examinar as pistas e están ben, pero na segunda tala xa non quedan tan ben as pistas rurais..., porque son pistas que non aguantan tanto peso, pagando o pato, o último que lle toque debido ó deterioro pola carga, moitas veces en demasía para tales pistas forestais. O máis grave é que brillan pola súa ausencia totalmente ás medidas de seguridade, non só para os maderistas senon para aquelas persoas que circulan dentro das zonas que se está cortando a madeira pola carretera. Por exemplo, no cemiterio de Covas, porqué están mesmo ó lado e non hai vallas protectoras, tampouco sinalización, tampouco vixilantes que se dediquen a controlar....As medidas de seguridade non existen e son puntos moi importantes que pensamos que se teñen que recoller na Ordenanza que se faiga. Por eso, simplemente facer unha comisión, tal como se pide na moción, non chega unha solicitude e digo que é mellor a Ordenanza para partir de diversas toneladas, zonas, e o Partido Popular vai apoiar esta Moción .

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, concelleiro en representación do B.N.G., e dí que vai apoiar a Moción de Son Viveiro da preparación e a posta en marcha dunha Ordenanza reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais. Dí tamén que, como dician vostedes a masa forestal e unha das fontes de riqueza de Galicia e o BNG vai estar sempre a favor dunha Ordenanza, vai estar sempre a favor dunha normativa que regule todo isto.

Referente á normativa que había, xa fai anos sobre ao ano 2002, dende o noso punto de vista e do meu en particular, non estoy de acordo na política impositiva en euros/tonelada á saca de madeira porque eso vai en contra dunha política de “ boas prácticas” que é o que se debe imperar, e si se impón deste xeito, pagará igual o depredador que o que se enche de boas prácticas. Debemos ir a unha normativa que nos evite a maior parte dos danos, tendo en conta que a actividade fundamentalmente faise cunha serie de maquinaria que as vías de saca no nas soporta.

Digo tamén unha actividade deste tipo con esta fonte de emprego, volumen económico, a administración autonómica debería velar pola mellora desas vías de saca. E despois podemos falar de listaxes, melloras, amén á comunicación entre o distrito forestal e non todas as empresas se comportan igual, non é o mesmo o depredador que o que cuida as actuais vías de saca, e digo tamen que unha actividade con esta volumen económico debería verlar pola infraestrutura.

Intervén D. Marcos Besada Alvarez, en representante de Son Viveiro, estamos moi contentos de volver a recuperar o tono dialogante neste pleno. Ben sabemos as necesidades que o servizo de medio ambiente ten por falla de persoal, pero que se teña en conta este sector pola consellería, que Medio ambiente teña en conta este sector e poder perseguir a esas persoas que son depredadores, e evidentemente estamos encantados de escoitar ao compañeiro do Partido popular dialogando con todos, e tamén encantado con compañeiro Sr. Galdo Dopico pola súa experiencia. Sin perder de vista o noso sector forestal que tamén é moi importante para o sector turístico para o sector deportivo, para facer senderismo e coñecer rutas e demostrar que non temos abandonado os nosos montes, que se diga que ben está o monte e remato dicindo que estou encantado de que esta moción saia adiante.

Pola Señora Alcaldesa concédese un segundo turno de intervencións de:

Intevén o concellerio Jesús Fernande Cal, quén comenta que o coarenta por cento de enerxía que dedica a este concello é como concelleiro de medio rural, e non quería cargar as tintas referente aos maderistas..., pero hai autenticos “piratas” que non respetan nada e nin siquera avisan de que van



facen a corta de madeira. Teríamos que ter catro vixiantes para estar pendentes dos destrozos das pistas forestais e unha cousa e a teoría e outra a práctica. Os concellos veñen quedando por detrás e os ingresos son primordiais na corta e venda de madeira agora que non hai construción. Dende o ano 2006 ingresábase uns dous millóns de euros anuais, neste intre, estanse ingresando uns 200.000 euros anuais. Estanse perdendo un millón e medio de euros e Medio Rural non mira para as pistas rurais, excepto e salvo para as pistas mancomunadas, as pistas municipais, xa poden facer o que lles dá a gana nelas.

O nos Grupo está encantando de que se faiga una reglamentación e normativa de uso das pistas forestais do termo municipal.

Intervén o concelleiro do P.P. D. Celestino Valentín García Paz, para dicir que, refíndose ao concelleiro do Medio Rural Sr. Fernández Cal, volve dicir que eu non o critico, e no dudo das horas que emprega na súa concellería, pero tamén teño que dicir que non estou de acordo coa forma da saca da madeira nas pistas forestais, e digo, que non estou de acordo e do que falei non vou volver a repetir, penso que con esta Ordenanza non só se vai levar a cabo unha reglamentación senon que trataremos de potenciar as pistas rurais e trataremos de que sexan máis seguras e do resto estamos dispostos a colaborar.

Intervén D.Marcos Besada Alvarez, en representante de Son Viveiro, para dicir que quede claro que non perseguimos ao sector foresta. Sabemos que é unha riqueza económica importante e hai moitas oportunidades non só da madeira, referente ao concelleiro de medio rural, non dudamos da súa enérxica persoa, e do traballo que se está facendo, pero é insuficiente a hai que apuntarnos e facer participar ao resto das administracións en colaboracións e facer calquer tipo de denuncia si hai que facela.

Non producíndose máis intervencións, pola Señora Alcaldesa sométese a votación a Moción presentada por Son-Viveiro, arroxando o seguinte resultado: con dezaseis votos a favor (16): polo que o Pleno Corporativo, por unanimidade de tódolos grupos, **ACORDA:**

APROBAR A MOCIÓN DE SON VIVEIRO PARA A ELABORACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS FORESTAIS E SIMILARES EN TODOS OS SEUS PUNTOS.

8.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO CONMEMORATIVA DA II REPÚBLICA

Don Marcos Besada Álvarez, Concelleiro do Grupo Municipal de Son VIVEIRO presenta ó Pleno esta moción que literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 14 de abril cumpríranse 85 anos da proclamación da II República, o primeiro réxime democrático da nosa historia que instaurou un verdadeiro Estado de Dereito e proclamou o principio de igualdade dos españois ante a lei, ao proclamar España como “unha república de traballadores de toda clase que se organiza en réxime de Liberdade e de Xustiza”, o principio de soberanía popular, establece o sufraxio universal para homes e mulleres maiores de 23 anos. En economía a propiedade privada quedou suxeita aos intereses da economía nacional, constituíuse un “Estado integral, compatible coa autonomía dos Municipios e as Rexións”, o principio de laicidade “o Estado, as



rexións, as provinciais e os Municipios, non manterán, favorecerán, nin auxiliarán economicamente ás Igrexas, Asociacións e divorcio así como o ensino primario laico, gratuito e obrigatorio, e recoñécese a liberdade de cátedra.

A II República promoveu o avance na transformación da nosa sociedade, na defensa das liberdades individuais e colectivas, e na consecución da xustiza social.

Este sistema democrático acabou coa derrota na Guerra Civil para dar a máis de 40 anos de franquismo, de representación e de retrocesos.

O 14 de abril ten que ser unha data reivindicativa para reclamar o dereito á República e facer unha homenaxe a todos os alcaldes e concelleiros dos concellos daquela época, así como condenar o golpe de estado franquista contra a II República.

Por todo isto, o Grupo Municipal de SON VIVEIRO somete á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Condenar o alzamento militar do 18 de xullo de 1936 contra o goberno lexítimo da II República española.
- 2.- Que o 14 de abril ondee a bandeira republicana na sede consistorial, ou na praza principal o do municipio, para facer unha homenaxe a todas as persoas que defenderon a II República así como ao período democrático que se inaugurou.
- 3.- Que o concello organice no municipio actos conmemorativos e divulgativos do 85 aniversario da proclamación da II República, así como promover actividades encamiñadas á rehabilitación política e cívica de todos aqueles cidadáns e cidadás que foron vítimas da represión franquista xa fose durante o alzamento militar, ou durante a posguerra.”

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes:

Intervén o representante do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio José Bouza Rodil, quen ven en manifestar que xa en varias ocasións e con respecto a primeiro punto da moción, denunciámos os crímenes pola guerra civil e polo franquismo e condenámos o alzamento militar

Con respecto ao segundo punto da súa moción, considerámos que a Constitución española establece que a bandeira é a que é (art. 4.1 de la Constitución española y xa sabe que está formada por tres franxas horizontais etc,... e esa é a bandeira, e son as que teñen que estar nos organismos e edificios públicos e ondear nos concellos e demais organismos, e senon que se informe sobre a legalidade ou non.

Continúa dicindo que tódalas vítimas son iguais e deberían estar situadas nun plano de igualdade.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que está de acordo na condena ao alzamento militar pero vamos a solicitar que Son Viveiro permita a votación por separado, xa que este concello é democrático polo tanto, si é posible, desexamos se separen os puntos na votación, xa que nós non estamos a favor en poñer a bandeira da república nun edificio público porque é inconstitucional e agradezo se vote por separado.



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que tamén prefere a votación por separado dos puntos da moción. Continúa e dí: nós condenamos todo este tipo de violencia dictatoriais e tamén estamos a favor da memoria histórica, que está aprobada. Agora acatamos a Constitución actual e tamén digo que estamos a favor en condenar o 18 de xullo, diso si, pero de ondear a bandeira republicana nos edificios públicos, non. Non, porque non se está a cumprir coa Constitución actual. Nós non vamos a votar a favor de que ondée nun edificio oficial. Tampouco vamos a ter problemas en autoriza par,a facer algún acto conmemorativo da influencia da república en España e non vamos a ter ningún inconveniente en que se fagan actos pero pedimos votar por separado os puntos da moción.

Intervén Son Viveiro, e quer resaltar a importancia que ten na historia este acontecemento. Consideramos importante transmitir estes valores e ten cabida neste intre. Digo tamén que é unha proposta presentada por Son Viveiro que non está a representar a ningún partido político e que se acepta que se voten por separados os puntos da moción.

Non existindo máis debate, procédese á votación da Moción presentada por Son-Viveiro, arroxando o seguinte resultado:

Punto número un, Votos a favor: por unanimidade (16 votos).

Punto número dous.Votos a favor: Uno.(Son Viveiro)

Votos en contra: catro (4) que resulan ser de P.P.

Abstención: once (11) que resultan ser (8 do PsdG-PSOE e tres (3) do BNG).

Punto número tres. Votos a favor: por unanimidade (16).

Polo que o Pleno corporativo **ACORDA**:

Aprobar os puntos números: un (1) e tres (3) da Mocións presentada por Son Viveiro .

Rexeitar o punto número dous (2) da Moción presentada por Son Viveiro.

PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN.

ASUNTOS URXENTES:

Pola Señora Alcaldesa dase conta ao Pleno Corporativo de incluír na Orde do Día a proposta efectuada polo representante de Son Viveiro de inclusión de cláusula relativa aos empregados dependentes do contratista que execute a contratación denominada “Servizo de axuda no fogar para persoas dependentes do Concello de Viveiro (Expte. CT 2015/4), recollida no acordo de aprobación do devandito expediente, efecutado polo Pleno da Corporación, en sesión levada a cabo o pasado día 10 de marzo de 2016, sendo preciso que o texto suxerido polo Concelleiro de Son Viveiro, recollido no acordo plenario, debe materializarse nunha concreta cláusula no prego de cláusulas administrativas particulares do referido expediente, veño en propoñe ó Pleno, por razón de urxencia a inclusión desta proposta na Orden do Día.

O Pleno corporativo, de conformidade co establecido no artigo 82.3 do ROF, por unanimidade, **ACORDA**: Ratificar a urxencia desta proposta da Alcaldía, que textualmente di:



“Que no parágrafo primeiro da cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas particulares, denominada “Otras obrigas do contratista”, do expediente denominado “Servizo de axuda no fogar para personas dependentes do Concello de Viveiro”, se inclúa expresamente a seguinte redacción:

“A execución do contrato realizarase por parte do contratista con total respecto ao cumprimento da normativa vixente en materia de xornada labora, conciliación, retribucións, así como calquera outro aspecto regulado na normativa laboral que afecte aos traballadores”.

O Pleno Corporativo, por unanimidade, acorda aprobar a inclusión da cláusula antedita.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación os seguintes **ROGOS** para o próximo Pleno, ó obxecto de que se subsanen as deficiencias sinaladas coa maior prontitude posible:

1º) **Na Avenida de Lourdes** dentro do casco histórico da nosa cidade, entre as vivendas nº 22 e 36 observamos a falta dunha farola de alumeado público. Seguramente estaba situada no nº 34 (dita vivenda doi derruida fai tempo) motivo polo que se nota a falta de alumeado. Por este motivo **ROGAMOS** ó equipo de goberno que se coloque unha falora entre as vivendas antes mencionadas para solucionar a falta de alumeado nesta zona.

Pola Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro Gonzalez se lle resposta:

Co fin de facilitar o paso de determinadas imaxes nas procesións de Semana Santa, hai uns catro anos a Xunta de Cofradías solicitou sacar temporalmente unha farola que se encontra á altura do número 23 da Avda de Lourdes. Unha vez finalizada a Semana Santa vólvese a repoñer. Non obstante, o próximo ano para compensar esta escasez de luz na zona estudiaremos colocar un foco.

2º) Na parroquia de Covas, concretamente na rúa Pedregal nº 18, hai unha farola que leva meses sin funcionar, o que provoca o escurecemento total desta zona en canto anoitece, cos conseguintes riscos que esta situación pode provocar. Por este razón lle **ROGAMOS** ó equipo de goberno que solucione á maior brevidade posible esta fatal total de iluminación na zona antes mencionada.

Pola Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro Gonzalez se lle resposta:

Comunicarémolle ao electricista municipal o rogo que vostede realiza para que estude a situación para arrancar a farola no Pedregal, nº 18 de Covas.

3º) No antigo mercado gandeirp (antigua Feira) situado no barrio de Verxeles, recinto de propiedade municipal, ocupado na actualidade pola empresa concesionaria de limpeza Cespa, cedidp a dita empresa de limpeza de maneira provisional á espera de que esta construa a tan esperada nave, podemos observar no mesmo a presenza de abundante maleza e silvas, así como un aspecto pouco ordenado o que provoca un aspecto de abandono que non é digno do lugar en



que está situado, lugar de abundante tránsito polas instalacións que se encontran na súa contorna.

Por este motivo lle **ROGAMOS** o equipo de goberno local que inste a quen corresponda a súa limpeza, cortando a maleza e adecentando o seu aspecto.

Así mesmo tamén lle **ROGARÍAMOS** o equipo de goberno, que comunicase a quen competa, o traslado dos contenedores almacenados no estadio deportivo do Cemedo (lugar que non resulta moi apropiado) a este recinto do antigo mercado gandeiro

Pola Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro Gonzalez se lle resposta

Tanto a zona do mercado gandeiro como as súas instalacións son as que son. En calquera caso, comunicarei á empresa de limpeza CESPÁ que ordenen a zona na medida do posible. No que respecta ao taller mecánico municipal, ao persoal de xardinería comunicouselle o desbroce do seu entorno.

Os contenedores novos almacenáronse dentro do recinto do campo de herba artificial do Cemedo por falta de espazo. O equipo de goberno entende que ao ser contenedores limpos

1º.- D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Muinicipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes PREGUNTAS sobre as que desexa obter no próximo Pleno, a correspondente resposta, ben sexa oral ou por escrito.

1) A pesares do tempo transcurrido dende que rematou a obra e posta en servizo da rotonda de Landrove, situada no barrio do Cristo e que da acceso por estrada ó polígono instrustrial, o barrio de Gistilán e a parroquia de Galdo, o alumeado público que se fixo con estas obras brilla pola súa ausencia. Esta cerencia provoca unha gran inseguridade vial nesta zona, tanto para os vehículos como para os peóns, así como na propia rotonda situada na estrada LU-540, Viveiro – Cabreiros.

Por este motivo lle PREGUNTAMOS á Sra. Alcaldesa:

- a) Ten coñecemento o Goberno Local da falta de alumeado público nesta rotonda e nos accesos mencionados?
- b) É competencia do goberno local solicitar o servizo eléctrico e costear o consumo deste alumeado público?
- c) En caso afirmativo, para cando está previsto a súa posta en funcionamento?

Pola Sra. Alcaldesa se lle resposta:

Como vostede tivo a ocasión de comprobar, a medida que se ían ocupando parcelas no parque industrial, as luces do entorno fóronse encendendo. O goberno local custea o consumo deste alumeado público. Todas as luminarias teñen servizo eléctrico. Con respecto ao Barrio do Cristo, á recta do polígono industrial e ao barrio de Gistilán, posúen un alumeado instalado na época do goberno socialista. Como este alumeado entendemos que é suficiente, parécenos un gasto absurdo poñer en funcionamento o que se encontra na beirarrúa de enfrente. Unha vez visitada a zona, poremos en funcionamento dúas luminarias no entorno da rotonda.

2.- D. Celestino García Paz, No pleno do 28 de Xullo de 2014 aprobouse por unanimidade o expediente de contratación e explotación do matadoiro municipal situado en Galdo, así como o



inicio da prestación o 1 de outubro do mesmo ano. Como o día de hoxe este grupo municipal descoñece si se está cumprindo o Contrato administrativo de xestión firmado pola empresa concesionaria co Concello, en apartados como son as obras a realizar en dito matadoiro no prazo máximo de 5 anos. Por este motivo lle PREGUNTAMOS á Sra. Alcaldesa.

- a) Estanse cumprido a día de hoxe os compromisos e acordos da empresa concesionaria do matadeiro municipal co Concello, sobre todo no tocante as obras a realizar?

Pola Sra. Alcaldes se lle resposta:

Como vostede afirma, a empresa concesionaria do Matadoiro Municipal de Galdo dispón de cinco (5) anos para acometer as melloras que marca o contrato. Para a súa información direille que se instalou unha caldeira de biomasa cuxo coste ascendeu a 150.000 euros, e que se arranxou o teito.

3 D. Celestino García Paz No pleno do 29 de Novembro de 2012 o grupo municipal do PP fixo unhas preguntas á alcaldía relacionadas cunha finca referencia catastral nº 27067A004000370000XD (polígono 004 parcela 00037, paraxe Abelleira, Area), finca que correspondía cunha propiedade municipal e que tal e como parecía, uns particulares estaban intentando apropiarse da mesma.

En dito pleno a Alcaldía, entre outras respostas, dixo que se interpuxera recurso de reposición ante o Catastro para poñelo a nome do Concello, sendo desestimado dito recurso polo catastro. Sinalaba tamén que en maio dese ano se remitiría ó Departamento de Servicios Xurídicos para remisión os avogados co fin de interponer acción reivindicatoria.

Por todo isto lle PREGUNTAMOS á Sra. Alcaldesa.

- a) Si en Maio do 2012 se remitiu ós avogados para interponer acción reivindicatoria, cal foi a resposta a esta acción?
b) En que situación administrativa e xurídica se encontraba esta finca na actualidade?

Pola Sra. Alcaldes se lle resposta:

Non se interpuso todavía e non preciben os prazos, aínda que os servicios xurídicos están mirando unha serie de xestións, pero nós non temos ningún inconveniente en entregarlles unha relación dos pasos que fixemos e estamos a seguir pendentes de chegar a unha resolución .

D. Marcos Besada Álvarez, Concelleiro de SON VIVEIRO , preséntalle á Alcaldía, para que sexa incluído no correspondente apartado da sesión do vindeiro Pleno Ordinario do Concello de Viveiro, o seguinte

ROGO:

A mala situación e condicións nas que se atopan as árbores, en concreto os eucaliptos, do Parque Pernas Peón, comúnmente coñecido como Parque dos Patos ou Parque de Cantarrana, e que en condición meteorolóxicas non moi desfavorables caen constantemente as polas das mesmas, son un perigo para os viandantes que o transitan e concretamente para os nenos e nenas que acoden ao mesmo para observar as aves e lecer na zona habilitada con xogos infantís.



Por todo isto, dende SON VIVEIRO

ROGAMOS:

Que nun inicio se acotara a zona de perigo para que as persoas non accedan á mesma e posteriormente se valore a posibilidade de podalas árbores, sanealas ou, se fora o caso talalas respoñendo os pés por árbores, preferentemente, autóctonas, para así dar uso do parque sen correr ningún tipo de risco.

Pola Sra. Alcaldes se lle resposta:

Non só coñecemos o perigo que supoñen os eucaliptos, senón que vimos realizando xestións dende hai tempo para diminuír o risco.

Cando se realizaron as obras de reforma do estanque dos patos, xa se cortaron 6 eucaliptos para liberar a zona onde xogan os nenos. Dende hai un tempo pretendemos eliminar os eucaliptos próximos ás vivendas para evitar posibles riscos. Debido ao seu gran tamaño estamos coa dúbida de cómo acometer este traballo.

O problema da caída de ramas non ten fácil solución, por que os eucaliptos ocupan a maior parte da superficie do parque Pernas Peón.

A curto prazo, este equipo de goberno, para diminuír o risco na zona vai a tomar as seguintes medidas:

- Colocar nas entradas do parque tanto sinais de advertencia como de prohibición nos días con temporal de vento.
- Cortar as grandes ramas que se encontran encima dos paseos.

D.- D. Marcos Besada Álvarez, Concelleiro de SON VIVEIRO, preséntalle á Alcaldía, para que sexa incluído no correspondente apartado da sesión do vindeiro Pleno Ordinario do Concello de Viveiro, o seguinte

ROGO:

Ante a negativa da maioría dos negocios privados que se atopan ubicados no casco histórico de Viveiro para usar os seus baños en caso de urxencia (nenos/as pequenos/as, persoas con problemas físicos ou de saúde, etc) e como medida de hixiene pública (de cara a evitar que se ouriñe na rúa) e tamén en consideración cos visitantes que agarda recibir o Concello de Viveiro, logo das moitas campañas e programas sobre turismo que se están a desenvolver, e poder prestar este servizo como acontece na maioría de vilas, de gran afluencia turística ou non, ao longo e ancho de Europa.

Por todo isto, dende SON VIVEIRO

ROGAMOS:



Que se habiliten os baños que están situados no palco da Travesía da Mariña de maneira permanente, isto é, noite e día, desprazando ao persoal necesario para o seu axeitado mantemento e limpeza e se coloque a sinalización pertinente.

A instalación de baños (cabinas portátiles) preto do parque infantil do Paseo da Mariña para dar ese servizo aos seus usuarios.

Pola Sra. Alcaldesa se lle resposta:

En tanto o goberno da Xunta de Galicia vén respondendo unha e outra vez que non dispón de recursos económicos a todo aquilo que se solicita, este e outros gobernos locais estamos soportando a maior parte do peso económico que supón manter os servizos básicos.

Neste contexto, non podemos dispoñer de persoal para atender os baños do templete, pois suporía desatender outras cuestións prioritarias.

E.- O Grupo Municipal SON VIVEIRO, a través do seu Concelleiro Don Marcos Besada Álvarez, presenta para o seu debate no Pleno do mes de abril a seguinte

PREGUNTA

relativa ao cumprimento dos acordos sobre a aplicación de medidas de axuda a persoas refuxiadas.

No pleno ordinario do día 7 de outubro do ano pasado, o noso Grupo Municipal presentaba unha moción para declarar Viveiro cidade solidaria cos refuxiados e refuxiadas, sendo a mesma aprobada por maioría absoluta con votos a favor de PSOE, BNG e SON VIVEIRO e abstención do PP, quedando dita moción redactada da seguinte forma:

PRIMEIRO: O Concello de Viveiro declara a súa disposición a axudar e acoller como cidade refuxio ás persoas que escapan da guerra e a persecución nos seus países e solicitan asilo na Unión Europea e, para iso, adoptará as seguintes medidas:

1. Creación dun grupo de traballo entre os servizos sociais municipais, Cruz Vermella e outras organizacións locais que traballen con persoas refuxiadas para definir as medidas a tomar dende o Concello, para poder acoller a ditas persoas no noso municipio.
2. Preparar unha relación de posibles lugares de acollida, preferiblemente de propiedade municipal.
3. Habilitar unha partida económica para as actuacións municipais a levar a cabo, así como para colaborar coas organizacións que traballan na acollida de refuxiadas e refuxiados.

No punto segundo, o Concello de Viveiro, de acordo coa proposta da CEAR (Comisión Española de Acuda ao Refuxiado), esixiralle á Unión Europea e aos seus Estados membros, especialmente ao Goberno de España, a posta en marcha con carácter urxente de varias medidas.

No punto terceiro, o Concello comprométese a comunicarlle o acordo á cidadanía do municipio, ao CEAR, ao Goberno de España, a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso de Deputados e á Comisión Europea.



Carecemos de información e non nos foi remitido por parte do Goberno local ningún informe sobre os acordos adoptados nin siobre a creación da mesa de traballo desde onde deberían saír tanto as iniciativas concretas de axuda humanitaria como as máis que necesarias críticas á infamia que supón a actitude da Unión Europea respecto a esta crise.

Desde a presentación e aprobación da Moción no Pleno, temos constancia da aparición en varias ocasións da Sra. Alcaldesa nos medios de comunicación declarando apoio ás persoas refuxiadas e, máis recentemente, da retirada da bandeira da Unión Europea.

Por todo isto, realizamos a seguinte pregunta:

¿Cal é o grao de cumprimento e cantos puntos dos acordos adoptados foron desenrolados?.

Pola Sra. Alcaldesa se lle resposata:

Como xa se explicou no debate da moción á que vostede fai referencia, o Concello xa realizara parte dos trámites antes da presentación da mesma por parte de Son Viveiro. Remitíronse escritos ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación indicando que o Concello de Viveiro se quería adherir á rede de municipios de acollida; á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, solicitando que se facilitase o Albergue Xuvenil de Area e, ao ter coñecemento de que este xa fora posto a disposición pola propia Xunta, ofrecendo a colaboración dos servizos sociais municipais; e á Fegamp, informándolle da existencia dalgunha vivenda disponible e do ofrecemento de distintas asociacións para colaborar. Con respecto á acordo plenario adoptado, tal e como se solicitaba, foi notificado á Comisión Europea, á Comisión Española de Axuda ao Refuxiado e aos distintos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados.

F.- O Grupo Municipal de SON VIVEIRO, a través do seu Concelleiro Don Marcos Besada Álvarez, presenta a seguinte pregunta para a súa inclusión na orde do día do próximo Pleno do Concello de Viveiro.

No mes de outubro do pasado ano, o Grupo Municipal que represento presentoulle ao Pleno un Rogo, aceptado por parte do goberno local baixo o condicionamento da dispoñibilidade de persoal, no que se solicitaba que, á maior brevidade posible, se procedera a colocación de ancorase nos colectores de lixo que carecen da mesma no noso municipio.

Como queira que desde esa data xa transcorreron máis de seis meses, e en días pasados se intensificaron os ventos e foron moitos os colectores que invadiron a estrada, provocando o deterioro dos mesmos co conseguinte perigo para viandantes e vehículos, formulamos a seguinte pregunta:

Cantas ancorases foron instaladas e cantas están pendentas de colocación?

Pola Sra. Alcaldesa se lle resposata:

Que dará conta ao concelleiro do servizo para que se amarren os colectores.



G.- O Grupo Municipal de SON VIVEIRO, a través do seu Concelleiro Don Marcos Besada Álvarez, presenta a seguinte PREGUNTA para a súa inclusión na orde do día do próximo Pleno do Concello de Viveiro.

Con data de 26 de marzo de 2016 chegaba a SON VIVEIRO a nova do desprendemento dun tabique do edificio en reformas situado na Avda. Juan Navia Castrillón (coñecido como Hotel Orfeo), os cascallos de dito edificio invadiron a vía pública, o que fainos pensar que non estaban aplicadas correctamente as medidas de seguridade. Se dicimos isto é porque durante o seu derrube parcial, dito edificio tiña un andamiaxe polas catro

fachadas protexidas cunhas redes e no momento do desprendemento ao igual que a data de hoxe só o ten a fachada principal.

Dende o comezo desta obra denótanse comportamentos pouco correctos, como son a colocación de redes para o seu derrube parcial, en troques de lonas tupidas para evitar aos veciños e veciñas do lugar, así como aos viandantes, ter que soportar as molestias da polvareda ocasionada polos traballos levados a cabo. Non é menos curioso ver camións

de gran tonelaxe cos seus colectores enriba da beirarúa para retirar o escombros, en troques de facelo dentro do lugar acotado para dita obra.

Tamén retirouse o andamiaxe de tres das súas fachadas, sen poñer outro tipo de seguridade podendo ser este o motivo da caída dos cascallos fora da zona acotada, ca gran sorte de non pasar ningún viandante polo lugar no momento do desprendemento.

SON VIVEIRO ten coñecemento de que o día do desplome presentouse alí a policía local, o concelleiro de obras e os bombeiros de Viveiro que entraron ao inmovible, inspeccionaron o lugar e retiraron restos do armazón e elementos que puideron caerse á rúa e como medida de protección acortaron a zona, o cal parécenos moi correcto. Logo de dita visita, ampliáanse as medidas de seguridade. Vallouse e acordouse a zona para seguridade dos viandantes, o que ao noso parecer demostra que anteriormente as medidas de seguridade son debidas á alerta laranxa deses días. Algo que non parece moi convincente cando na nosa zona son habituais as alertas por temporal.

Tamén resúltanos curioso, nunha obra de tanta importancia, unha valla na entrada do edificio onde se recolla a información de dita obra: promotor, nº licenza, duración dos traballos...

Por todo isto non podemos evitar facer a seguinte pregunta:

1. ¿Cántos metros ocupa de espazo público e o nº de días de licenza de obras cas súas tazas correspondentes?
2. ¿Qué informes oficiais obran en poder do Concello pola actuación da policía local, bombeiros, concelleiro de obras e técnicos do concello?
3. ¿Qué medidas pensa tomar a comisión do goberno ditos informes?
4. No caso de que non existan estes informes, vista a situación actual da obra que segue en parecidas condicións de seguridade e que só colocouse un andamio elevador na cara do



edificio paralela á rúa e ningunha protección para a súa parte traseira para evitar a caída obxectos aos espazos públicos. ¿Qué medidas tomaranse?

5. ¿Pasará o Concello os custos de intervención dos diferentes organismos municipais que interviron día do desprendemento?

Pola Sra.Alcaldesa se lle contesta.

Como vostede sabe, calquera obra conleva uns certos riscos que son necesarios minimizar. As medidas de seguridade corresponden á dirección facultativa da obra: arquitecto de dirección de obra, aparellador de execución material e coordinador de seguridade e saúde.

O día que vostede alude, coincidindo cun forte temporal de vento, caeu da obra un pano de ladrillo. A valla de protección, segundo me informa a concelleiro de obras, estaba perfectamente colocada. O motivo de que os ladrillos caesen ao paseo foi que previamente impactaron nunha caseta metálica que se atopaba dentro do peche, rebotando posteriormente á rúa.

A obra atópase no dominio marítimo público terrestre, exceptuando o frente que dá á estrada. En consecuencia, a empresa tivo que solicitar a Costas a ocupación pertinente.

A empresa construtora depositou no Concello un aval de 25.000 euros para os desperfectos que pudiesen causar nas beirarrúas ou noutros bens públicos.

Existe un informe da Policía Local, ao que vostedes, se o desexan, poden ter acceso.

E non habendo máis asuntos de que tratar, pola Sra.Alcaldesa levantase a sesión, cando son as vinteduas horas e trinta minutos, do día con que se encabeza esta Acta extendéndose de todo o tratado a presente, do que como secretaria accidental, doy fe.

A SECRETARIA ACCTAL.,